

Retraso na administración dun tratamento ocular (recomendación)

Expediente: I.5.Q/15964/23

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2024

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito dun cidadán, referente ao retraso na administración dun tratamento ocular.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, expón o seguinte:

Con enfermidade degenerativa macular asociada a la edad exudativa o húmeda, es decir, de gran gravedad por la posible pérdida de visión si no se cumplen los plazos de tratamiento de LUCENTES, se solicita cita el día 21/09/2023 con plazo MÁXIMO de dos meses de cita médica y tratamiento, según prescripción médica.

A día de hoy 28/11/2023, no existe cita y cuando nos ponemos en contacto para tramitar queja en el Hospital Abente y Lago, nos comunican que no existe posibilidad actual de cita, que próximamente recibiremos cita, sin conocimiento, según ellos, de cuánto puede tardar.

Solicitamos cita URGENTE por la necesidad de administración en plazo del tratamiento con los efectos negativos en la persona en el caso de no administración, ya que la pérdida de visión o retroceso en las posibles mejoras en el progreso de la enfermedad, se encuentra condicionada en el tratamiento en plazo según prescripción médica.

Acusamos recibo do seu informe, que foi rexistrado nesta institución con data de 8 de xaneiro de 2024 e no que se fai constar o seguinte:

Consultada a historia clínica do paciente confirmamos que D. XXX, iniciou tratamento con inxeccións intravítreas o 22 de febreiro de 2023, pautadas periodicamente; na revisión do 21 de setembro se programa novo tratamento e revisión **en dous meses**, estando pendente de citación para ao redor do día 21 de novembro.

Coordinados co servizo de Oftalmoloxía desta Área Sanitaria, prográmase aplicación de nova inxección intravítrea para o próximo día **19 de decembro**, ás 15:40 horas no Hospital Abente e Lago, seguida de revisión oftalmolóxica.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Para a OMS usar racionalmente os medicamentos, de acordo coa definición formulada no seo da *Conferencia de Expertos sobre Uso Racional de los Medicamentos*, que tivo lugar en Nairobi en 1985, significa que *«los pacientes reciban fármacos apropiados para sus necesidades clínicas, a dosis ajustadas a su situación particular, durante un periodo adecuado de tiempo y al mínimo costo posible para ellos y para la comunidad»*.

É por elo que, se o facultativo que prescribe as inxeccións intravítreas en cuestión indica un período de 2 meses para que se programe a seguinte dose de fármaco o convinte será que, se programen as citacións seguindo as indicacións médicas posto que, a dose e o intervalo de administración, de acordo o anteriormente exposto, debe ser o indicado polo profesional sanitario.

Neste caso programouse a citación cun intervalo de tempo de case tres meses en contra do estipulado polo facultativo responsable do proceso asistencial, segundo manifesta esa Administración no informe remitido.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano a seguinte **recomendación**:

Sería conveniente que o Servizo Galego de Saúde programase as citas de administración de fármacos en atención especializada de acordo co período indicado polo profesional sanitario.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo